

## Nº 3

**Sábado, 27 de setembro de 2014.** Revista oral editada polo Museo Fortaleza San Paio de Narla (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **19 horas**. Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol (Lugo). Duración aprox.: **1:30 h.** Coordina: **Antonio Reigosa.**

*E nada máis: o tema, sen dúbida, non queda esgotado; quen queda esgotado,  
polo menos de momento, é o autor*  
*O segredo do humor, Celestino F. de la Vega (Friol, 1914 – Lugo, 1986)*

## SUMARIO

Portada musical

*Preludio da primeira suite* (J. S. Bach), por **Paula Rancaño** (3')

Vida

*Lugo, cidade feita á medida do meu corazón*, por **Ramón López Vázquez** (10')

Música

*Primeiro movemento “Suite para cello só”* (G. Cassadó), por **Paula Rancaño** (3')

Celestino en Friol

*Os anos mozos na terra natal*, por **Higinio Martínez Fernández de la Vega** (10')

Música

*Elexia* (A. Gaos), por **Paula Rancaño** (3')

Celestino e Guitiriz

*As viaxes a Guitiriz*, por **Alfonso Blanco Torrado** (10')

Narración 1

*Mortes de trasmundo*, por **Lois Pérez** (5')

Música

*Estrada de Madrid* (L. Bocherinni), por **Paula Rancaño** (3')

Narración 2

*O novenario do Totó*, por **Lois Pérez** (5')

Obra

*Unha obra tan importante coma breve*, por **Ramón López Vázquez** (10')

Música

*Lela*, por **Paula Rancaño** (3')

Epílogo

*Lembranzas*, por **María Luisa Maceda Méndez** (viúva de Celestino F. de la Vega) (5')

Colofón

por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (5')

Contracubierta musical

*Negra sombra*, por **Paula Rancaño** (3')

## COLABORAN NESTE NÚMERO

**Higinio Martínez Fernández de la Vega.**- Nace en Friol (Lugo) en 1936. É licenciado en Dereito pola USC e *Diplomado de Personal* pola Escola Superior de Administración e Dirección de Empresas (ESADE) de Barcelona. Perteñece ao Corpo Técnico Superior da Administración da Seguridade Social. Estivo destinado en Barcelona, A Coruña e Lugo, onde ocupou postos directivos na Comisión Técnica Evaluadora de Incapacidades, no INSERSO, no INSS e na Tesourería Territorial da Seguridade Social. Posteriormente pasou ao Corpo de Letrados da Xunta de Galicia. Tras a xubilación exerceu a avogacía. É coautor do libro "La Seguridade Social en la Administración Institucional", autor de artigos sobre o concello de Friol e sobre Seguridade Social, publicados en prensa e revistas. Na década dos 50-60 foi colaborador de *El Progreso* sobre temas relacionados co concello de Friol.

**Alfonso Blanco Torrado.**- Crego e dinamizador cultural no ámbito rural, profesor do IES "Díaz Castro" de Guitiriz. Como párroco rural ten unha longa experiencia como observador privilexiado dos usos tanto de amuletos como de reliquias neste ámbito. Realizou estudos eclesiásticos en Santiago de Compostela e na Universidade Pontificia de Salamanca. Desde 1976 é párroco de varias parroquias de Guitiriz. Como activista social e cultural funda en 1976 a Asociación Cultural de Guitiriz, agora coñecida como Xermolos, e dirixe as publicacións "Guieiros", Cadernos e Revista Xermolos. Creou o Museo de Arte e Cultura Relixiosa Popular, tras a recuperación do Santuario de Nosa Señora de Bascuás, a Escola de Música Tradicional, Escola de Canteiros, Cadernos de temas etnográficos, Biblioteca Pública Xermolos, etc. Foi o fundador do Festival de Pardiñas (1980), da Feira e Festa da Música e da Arte e dos premios de Guitiriz de Pintura, Escultura e Fotografía. Coordina a Asociación Sociocultural X. M. Díaz Castro e a Fundación Manuel María da Terra Cha. É autor de numerosos traballos publicados en revistas como "Irimia" e "Encrucillada". Recibiu o premio Ánxel Fole de ensaio pola obra *Xosé María Castro. A Ascensión dun poeta*, o premio IAR de Folclore, o Moncho Valcárcel "pola promoción da Terra" e o Premio Solidariedade 2002.

**Ramón López Vázquez.**- Nado en Zolle, Guntín (Lugo). Doutor en Filosofía, actualmente xubilado. Ten publicado sobre Celestino Fernández de la Vega os seguintes traballos: *Celestino Fdez. de la Vega: Pensamento universal desde a provincia* (1993); *Celestino, a filosofía e a feira* (2000); *Celestino Fdez de la Vega, pensador do novo galeguismo* (2004); "Unha tradución co aquel", en *experiencia et sapientia*, USC, (2007); e da voz "*Fernández de la Vega Pardo, C.*" en *Dicionario enciclopedia do pensamento galego* 2008).

**M<sup>a</sup> Luisa Maceda Méndez.**- Nacín en Navia, Asturias o 10 de xaneiro de 1927. En 1934 os meus pais trasládanse a Madrid. A guerra pasámola en Navia onde estabamos de veraneo cando comezou. No 1939 regresamos a Madrid onde estudei o bacharelato no Instituto Lope de Vega. No ano 1945 fixen as oposiciones ao Ministerio de Gobernación, destinándome a Lugo onde tomei posesión o 1º de febreiro de 1946 no Goberno Civil. Alí coñecín a Celestino, fixémonos

noivos e o 28 de maio de 1949 casamos, tivemos tres fillos e tres netos, durante os 37 anos de matrimonio só estivemos separados tres meses con motivo dun curso que fixo Celestino en Alcalá de Henares; o normal era que das 24 horas do día estiveramos xuntos 21 ou 22 horas. Xubiláronme aos 65 anos, no 1992, sendo xefe de sección na delegación de Cultura da Xunta, onde pediramos o traslado Celestino e eu en 1981. E sigo aquí gozando do bisneto e da bisneta que acaban de chegar.

**Lois Pérez.**- Lugo, 2 de xuño de 1979. Mestre e narrador oral, traficante de historias ou *crooner* rural, segundo o horario e a ocasión. Escolas de idiomas, cárceres, casas da cultura, pubs, institutos, bares e feiras do libro, ao ancho e largo do país son algúns dos lugares onde adoita contar as súas historias, normalmente enriba dunha caixa. Comezou a escribir historias o programa da Radio Galega, "A boca da noite", conducido por Quico Cadaval e, no eido da dramaturxia, gañou en 2008 o *II Premio do Público do Premio Diario Cultural de Teatro Radiosónico da Radio Galega* co opúsculo radiosónico "Saltimbanqui", peza dirixida polo propio Cadaval e interpretada por Xosé Olveira "Pico" e Xan Cejudo, entre outros. Colabora co grupo de teatro para persoas con diversidade funcional "Pinchacarneiro", de Lugo, a través da Fundación Anade. Para eles escribiu a obra dramática "Os perseguidores de soños", estreada en 2013. No eido literario foi premiado no Pedrón de Ouro do Concello de Padrón con unha mención especial en 2009, así como en diversos certames literarios. Vén de publicar o seu primeiro libro de poemas "LP", a través da Editora Emerxente. No eido da educación, coordinou diversos proxectos de Innovación Educativa en Normalización Lingüística: "Perdidos nos mares da palabra" (Sofán-Carballo en 2010), "As palabras que soñan co vento" (Bemantes-Miño en 2011) ou "Irradio Lingua" en (Barrantes-Tomiño en 2013), premiados pola administración educativa ou por fundacións vencelladas á educación e a cultura (Museo do Pobo Galego a través do Premio Antonio Fraguas, etc...) No eido deportivo, a modo de curiosidade, xogou na División de Honor do fútbol sala nacional, e na División de Prata durante trece anos. Xogou coa selección galega, foi internacional universitario, disputando con España o Mundial de Brasil 2000. Recibiu en 2001 o premio "Deportistas do ano" da Universidade de Santiago de Compostela. Viva Chuck Berry! Venceremos! Pan, viño e postre.

**Paula Rancaño.**- Nace en Lugo. Aos sete anos empeza a estudar violonchelo no Conservatorio de Lugo onde finaliza coas máximas cualificacións. No ano 2011 obtén o título superior de violonchelo no Conservatorio Superior de Música de Madrid co profesor Iagoba Fanlo. Tamén obtén o Máster de Formación de Profesorado na especialidade de Música e un Máster de Musicoterapia. Recibe clases de violonchelistas como Jean Peter Maintz, Daniel Muller, Barbara Switalska, Asier Polo... Participa como alumna activa na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e na Escola de Lucena. Alumna activa da Xove Orquesta de Galicia, Joven Orquesta de Euskadi, Joven Orquesta de la Comunidad de Madrid, con esta última realiza unha xira internacional. Actualmente combina o seu labor docente coa súa participación en diversas agrupacións musicais tanto dentro de música clásica como da música folk.

\*\*\*\*\*

